

MERCK PREMIA O LABORATORIO DE ENDOCRINOLOXÍA

REP. SANTIAGO

O Laboratorio de Endocrinoloxía Molecular da Universidade de Santiago de Compostela (USC) foi premiado na área de Endocrinoloxía coa Axuda Merck Serono de Investigación polo proxecto *Identificación por proteómica de novas adipokinas e miokinas implicadas na obesidade humana* da doutora María Pardo Pérez.

España é o décimo país con máis obesos do mundo, segundo datos da OCDE, e de aí o interese deste proxecto, segundo destacou a Fundación Salud 2000, que estuda novos sistemas de sinais do sistema adiposo (adipokinas) e muscular (miokinas) responsables da desregulación da homeostase enerxética na obesidade. Para iso, a doutora Pardo propón aplicar a proteómica como “nova tecnoloxía emerxente e de grande utilidade” na identificación de novas proteínas

diana en diferentes enfermidades. A identificación de novas proteínas-sinal secretadas polos tecidos adiposo e muscular permitirá, ó seu xuízo, “mellorar o coñecemento dos mecanismos que regulan a homeostase enerxética e o peso corporal como parte esencial para un tratamento correcto da obesidade”.

Así, a Fundación Salud 2000 destina as axudas Merck Serono de Investigación 2007 a financiar proxectos de investigación inéditos presentados por investigadores españois. Nesta edición ampliouse o número de categorías para optar ás axudas, pois ás tradicionais –infertilidade, esclerose múltiple, endocrinoloxía e psoríase–, sumáronse as de Investigación Clínica en Oncoloxía e en Enfermidades Raras. O presidente do Consello Científico Asesor da Fundación, Luis Valenciano Clavel, destacou o alto nivel dos proxectos. ●



A doutora María Pardo é a responsable do proxecto premiado